



# Oposicións 2019

- Avaliación da CIG-Ensino da OPE
- Prazas ofertadas e datos de interinidades por especialidades
- Información da Mesa Sectorial coas nosas propostas
- Temarios e resumo do sistema de acceso

# A realidade das oposicións: inflado de cifras e precariedade

No ano 2007 a oferta de cambio de corpo era dun 10% mentres nesta oferta as prazas de promoción interna chegan ao 33%. Un 16% das prazas convocadas nas oposicións do ano pasado quedaron sen cubrir.


A do 2019 será unha oferta de emprego máis na que a Consellería de Educación leva a cabo o modus operandi do actual goberno do Partido Popular: non negocian, non proporcionan a información que se lles require mais centran os seus esforzos (coa axuda dos medios afíns) en publicitar cada paso que dan como histórico.

**Non se negociaron os criterios** coas organizacións sindicais na Mesa Sectorial nin se nos proporcionou información das **previsións de xubilacións** a medio prazo por especialidades. Atopámonos cunha oferta que pode provocar de novo o efecto da do ano 2018, con centos de docentes interinos que perden o seu contrato anual pasando a facer substitucións, mentres moitas substitutas vén como se demoran ou eliminan as súas contratacións ao longo do curso.

Anuncian unha oferta de **2.064 prazas**, cando a realidade é que a oferta que hai que valorar é a das prazas de acceso libre, un total de **1.788 prazas, 834 delas do corpo de infantil e primaria**. A falacia da oferta radica na oferta de cambio de corpo, con **276 prazas**. É certo que a Lei de Emprego Público fixa un mínimo dun 25% de prazas para o cambio de corpo. Para cumprir estritamente coa norma a oferta de cambio de corpo tería que chegar ás 208 prazas (o 25% das 834 prazas para o corpo de PES), o que implicaría 68 prazas menos no total da oferta presentada para este ano. Mais

Resultados dos procesos selectivos para corpos docentes 2018.

| OPOSICIÓN DOCENTES 2018         | CORPO DE MESTRES | SECUNDARIA (TODOS OS CORPOS) | A2-A1 | A1-A1 (INGLÉS EO) | ACCESO A CÁTEDRAS CMUS | TOTAL |
|---------------------------------|------------------|------------------------------|-------|-------------------|------------------------|-------|
| PAZAS OFERTADAS                 | 705              | 948                          | 262   | 30                | 105                    | 2.050 |
| PAZAS CUBERTAS                  | 687              | 880                          | 21    | 30                | 105                    | 1.723 |
| DIFERENZA                       | 18               | 68                           | 241   | 0                 | 0                      | 327   |
| Porcentaxe de prazas sen cubrir | 2,6%             | 7,2%                         | 92,0% |                   |                        | 16,0% |



rebaixar en 68 as prazas totais suporía quedarse en 1.996 prazas e por aí non estaba disposta a pasar a Consellaría: había que **encher titulares con cifras que superasen as 2.000 prazas**. Para que lle saíran as contan tivo que inflar a oferta cun 33% de prazas de promoción interna. Miremos o que pasou nestes tres últimos anos con esa farsa do inflado de prazas: **no 2018** ofertáronse **262 prazas** de acceso de A2 a A1 e só se adjudicaron **21**, no **2.017** foron **11 de 108** e rematamos o percorrido histórico con **14 de 96** no **2016**. É dicir, nos tres últimos anos a Consellaría maquillou a oferta de emprego con **634 prazas ofertadas de promoción interna** das que só se adjudicaron **46**, ficando desertas o **92,5%**.

Moito máis relevante é botar a ollada aínda máis atrás. No

**ano 2007** a oferta deste tipo de prazas **só foi o 10%** e a oferta total foi de **2.633 prazas**, das cales **994** eran do corpo de **infantil e primaria**. É dicir, eliminadas en ambos casos as de cambio de corpo, houbo **700 prazas máis no 2007 que no actual 2019**. Mais esta desproporción é máis grave aínda se temos en conta que neste momento vimos duns anos de recortes e de imposibilidade de convocar prazas que superen a taxa de reposición, avalado isto último por un acordo asinado polas organizacións sindicais estatais. A CIG Ensino defende a convocatoria das prazas de promoción interna, xa que é un dos escasos mecanismos de carreira profesional que ten o profesorado, mais negámonos a que tomen por parvas as persoas que opositan e se usen estas cifras con fins propagandísticos.

# A Consellaría debe garantir transparencia e un verdadeiro concurso oposición

*Un 16% das prazas convocadas nas oposicións do ano pasado quedaron sen cubrir, o que demostra que as cifras anunciadas formaban parte da propaganda oficial*

Descontando as 262 prazas de promoción interna (das que só se adjudicaron 21, tal e como xa vimos), nas oposicións xerais de 2018 (acceso libre e queda de discapacidade) houbo **86 prazas que quedaron desertas** (máis do 5% do total): **18 na especialidade de francés do corpo de mestres** (2,6%) e **68 nas especialidades de secundaria** (por riba do 7%).

## Ausencia do concurso-oposición

Só nas especialidades do corpo de infantil e primaria -agás francés-, así como nas de Inglés e Organización e Xestión Comercial de secundaria se produciu un proceso de concurso oposición.

Un ano máis houbo moitas especialidades nas que só superou a fase de oposición o mesmo número de persoas ou incluso menos que prazas había convocadas. É o caso de Lingua Castelá, Orientación,

Organización e Proxectos de Sistemas Enerxéticos, Procesos Diagnósticos Clínicos e Produtos Ortoprotésicos, Procesos Sanitarios, Sistemas Electrotécnicos e Automáticos, Estética, Instalación e Mantemento de Equipos Térmicos e de Fluídos, Procedementos Sanitarios e Asistenciais e Servizos de Restauración. No resto de especialidades de Secundaria o número de aspirantes aprobados a maiores das prazas convocadas foi mínimo (entre 1 e 3 aspirantes).

Unha das causas que explica que aproben tan poucas persoas a fase de oposición é a criba que se produce na primeira proba (que consta dun exame práctico e doutro teórico nos que é preciso obter de media ponderada un 5). Así, a maioría das aspirantes non poden demostrar a súa capacitación pedagóxica nas probas propiamente relacionadas co seu labor

docente: a presentación dunha programación e dunha unidade didáctica. A responsabilidade recae case en exclusiva nas mans da Consellaría, que se nega a atender as nosas propostas na negociación da convocatoria (reducir a ratio de aspirantes por tribunais, liberar os tribunais do traballo de baremación dos méritos para ter máis tempo, etc.)

## Transparencia do proceso

Tamén é responsabilidade da Consellaría velar pola transparencia en todas as fases do proceso con medidas como o **nomeamento por sorteo das presidencias dos tribunais, garantir o anonimato das probas**, nomeadamente da primeira parte, **baremación de méritos por unha comisión técnica e transparencia absoluta no traballo dos tribunais** (publicación de notas, instrucións, criterios de avaliación, resposta aos recursos presentados, etc.)

## As cifras da OPE

Segundo a información proporcionada pola Consellaría na Mesa os datos da taxa de reposición son os seguintes: **1.133 xubilacións** producidas no ano 2018, **27 falecementos** de persoal en activo, e **18 excedencias** con perda de praza. A maiores houbo un saldo negativo de 50 persoas resultante do Concurso Xeral de Traslados a nivel estatal e doutras 6 persoas que non

reingresaron ao servizo activo.

En total, estamos ante **1.122 prazas** ás que se lle engaden **666** por riba da taxa de reposición e **276** prazas de promoción interna.

É un insulto á intelixencia vender calquera incremento sobre as xubilacións como se fose algo extraordinario cando sabemos que nos últimos 8

anos se perderon 3.000 postos de traballo no ensino público galego froito dos recortes e da conxelación de oferta de emprego público.

Ademais hai que ter en conta que no acordo entre o anterior ministro Montoro e os sindicatos españois está asinada a recuperación da taxa de reposición a partir do ano 2021.

# Outra convocatoria sen estabilidade para o persoal interino

O principal problema desta oferta non é, sen embargo, a maquillaxe das cifras. O máis preocupante está na ausencia da previsión do que poida acontecer co persoal interino, nunha perversión da linguaxe que fala da estabilización para falar das cifras e non das persoas. A porta pechada da Consellaría e dos socios habituais a negociar un **acordo de estabilidade** ao tempo que se nega a aceptar propostas que propiciarían un **verdadero concurso oposición**, sitúan en cada proceso selectivo a numerosas persoas interinas ás portas do desemprego.

*A Consellaría négase a negociar un acordo de estabilidade para o persoal interino de máis idade ou con máis antigüidade que pode acabar no desemprego se non a aproba a oposición.*

Hai exemplos na actual oferta de emprego de que as prazas libres que se ofertan sumadas ás de cambio de corpo superarían ás do profesorado que está traballando como interino. Soamente unhas cifras elevadas de xubilacións nos próximos cursos nesas especialidades (dato que a Consellaría se nega a proporcionarnos) mitigaría os efectos que lles pode ocasionar a aquelas compañeiras e compañeiros, algúns con moitos anos de idade ou de servizo ás costas, suspender as oposicións.

Non se pode esquecer que moitas destas persoas están nunha idade próxima á xubilación polo que un



acordo de estabilidade para este profesorado debería ser unha das prioridades dunha Consellaría que velase polas súas traballadoras, pero o mantra desta administración e diminuír o número de persoal interino aínda que sexa a conta deste mesmo persoal.

Tampouco é moito mellor a posición do goberno do PSOE no Estado que se nega a abrir negociacións para a introdución na LOE dun sistema extraordinario de acceso diferenciado que permitiría convocar por un lado as prazas das xubilacións e por outro

as prazas que se perderon cos recortes debido á conxelación da taxa de reposición nos últimos anos.

Unha negativa do goberno central que se estende a non romper o acordo de “mantemento de emprego” asinado polas organizacións sindicais estatais tanto en Madrid como en Galiza cos gobernos do PP e que impide que as prazas ofertadas nas oposicións entre o 2018 e o 2021 supoñan un incremento real de postos de traballo, o que supón dar por bos os recortes desta última década.



# Comparativa de prazas ofertadas e datos históricos de interinidades por especialidades

## Corpo de profesorado de Ensino Secundario

Estas táboas foron elaboradas a partir dun estudo feito pola CIG-Ensino sobre as interinidades adxudicadas en cada curso.

A comparativa demostra que en algunhas especialidades o número total de prazas convocadas na OPE 2019 é unha cifra moi próxima ou incluso superior á de persoas interinas que están a traballar este curso académico.

Tampouco se entende cales foron os criterios empregados pola Consellaría á hora de decidir convocar unhas especialidades e outras non cando o número de persoal interino é moi semellante entre elas. Así mesmo, ponse de manifesto que a oferta real é a de prazas libres (834) porque con toda seguridade as 276 de promoción interna (A2-A1) apenas se cubrirán. Desde a CIG seguiremos insistindo na necesidade de negociar previamente tanto as especialidades como o número de prazas para que a oferta sexa o máis ampla e racional posíbel.

| ESPECIALIDADE   | INTERINIDADES ADXUDICADAS SETEMBRO |             |             |             |             |             | OPE 2019 | PRAZAS INGRESO LIBRE E PERSOAS CON DISCAPACIDADE | ACCESO A2-A1 |
|---|------------------------------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|----------|--|--------------|
|   | 11-12                              | 14-15       | 15-16       | 16-17       | 17-18       | 18-19       |          |  |              |
| Filosofía   | 0                                  | 4           | 17          | 11          | 29          | 47          | SI       | 25   | 8            |
| Grego   | 1                                  | 2           | 3           | 3           | 7           | 9           |          |  |              |
| Latín   | 4                                  | 15          | 22          | 25          | 30          | 35          |          |  |              |
| Lingua Castelá e Literatura                                     | 16                                 | 72          | 140         | 121         | 105         | 64          | SI       | 55   | 18           |
| Xeografía e Historia  | 20                                 | 76          | 116         | 109         | 90          | 66          | SI       | 55   | 18           |
| Matemáticas   | 25                                 | 67          | 154         | 196         | 210         | 154         | SI       | 120  | 40           |
| Física e Química  | 4                                  | 50          | 76          | 121         | 104         | 46          | SI       | 30   | 10           |
| Bioloxía e Xeoloxía   | 47                                 | 78          | 106         | 69          | 81          | 50          | SI       | 35   | 12           |
| Debuxo  | 0                                  | 2           | 12          | 24          | 33          | 51          |          |  |              |
| Francés (até 2017/18 inclúe destinos en EOI)                    | 11                                 | 11          | 24          | 47          | 56          | 77          | SI       | 55   | 18           |
| Inglés (até 2017/18 inclúe destinos en EOI)                     | 16                                 | 96          | 144         | 158         | 84          | 83          | SI       | 40   | 13           |
| Alemán  | 0                                  | 3           | 4           | 3           | 3           | 4           |          |  |              |
| Portugués   |                                    |             |             |             |             |             | SI       | 4  |              |
| Música  | 2                                  | 1           | 2           | 1           | 4           | 3           |          |  |              |
| Educación Física  | 6                                  | 26          | 42          | 52          | 55          | 74          | SI       | 40   | 13           |
| Orientación Educativa   | 27                                 | 39          | 49          | 45          | 48          | 29          |          |  |              |
| Tecnoloxía  | 27                                 | 54          | 63          | 83          | 105         | 69          | SI       | 45   | 15           |
| Lingua e Literatura Galega (até 2017/18 inclúe destinos en EOI) | 1                                  | 9           | 53          | 94          | 86          | 78          | SI       | 60   | 20           |
| Economía  | 3                                  | 13          | 13          | 45          | 61          | 78          | SI       | 65   | 22           |
| Administración de Empresas                                      | 13                                 | 29          | 38          | 42          | 66          | 72          | SI       | 50   | 17           |
| Análise e Química Industrial                                    | 12                                 | 22          | 21          | 25          | 10          | 12          |          |  |              |
| Asesoría e Procesos de Imaxe Persoal                            | 7                                  | 11          | 13          | 19          | 15          | 15          |          |  |              |
| Construcións civís e Edificación                                | 10                                 | 10          | 6           | 11          | 13          | 4           |          |  |              |
| Formación e Orientación Laboral                                 | 32                                 | 72          | 82          | 56          | 64          | 77          | SI       | 60   | 20           |
| Hostalaría e Turismo  | 22                                 | 40          | 42          | 33          | 25          | 25          |          |  |              |
| Informática   | 11                                 | 20          | 23          | 21          | 25          | 36          | SI       | 30   | 10           |
| Intervención Sociocomunitaria                                   | 28                                 | 29          | 36          | 28          | 30          | 14          |          |  |              |
| Navegación e instalacións Mariñas                               | 3                                  | 7           | 8           | 8           | 10          | 12          |          |  |              |
| Organización e Xestión Comercial                                | 2                                  | 5           | 13          | 24          | 36          | 13          |          |  |              |
| Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos              | 12                                 | 12          | 15          | 19          | 20          | 25          | SI       | 20   | 7            |
| Organización e Proxectos de Fabricación Mecánica                | 15                                 | 22          | 25          | 23          | 18          | 21          | SI       | 15   | 5            |
| Organización e Proxectos Sistemas Enerxéticos                   | 18                                 | 25          | 25          | 26          | 22          | 6           |          |  |              |
| Procesos de Producción Agraria                                  | 3                                  | 11          | 9           | 12          | 13          | 13          |          |  |              |
| Procesos na Industria Alimentaria                               | 12                                 | 21          | 22          | 28          | 28          | 26          | SI       | 15   | 5            |
| Procesos de Diagnóstico Clínico e Produtos Ortoprotésicos       | 11                                 | 13          | 16          | 19          | 19          | 11          |          |  |              |
| Procesos Sanitarios   | 12                                 | 21          | 26          | 24          | 29          | 18          |          |  |              |
| Procesos e Medios de Comunicación                               | 4                                  | 9           | 11          | 13          | 12          | 13          |          |  |              |
| Procesos e produtos de textil, Confección e Pel                 | 5                                  | 8           | 6           | 7           | 9           | 9           |          |  |              |
| Procesos e produtos de Artes Gráficas                           | 5                                  | 5           | 4           | 6           | 6           | 6           |          |  |              |
| Procesos e Produtos de Madeira e Moble                          | 8                                  | 13          | 13          | 13          | 13          | 16          |          |  |              |
| Sistemas Electrónicos   | 12                                 | 25          | 23          | 26          | 25          | 27          | SI       | 15   | 5            |
| Sistemas Electrotécnicos e Automáticos                          | 19                                 | 23          | 28          | 29          | 38          | 13          |          |  |              |
| Especialista (Corpo 590): Fútbol                                | 3                                  | 5           | 5           | 5           | 5           | 5           |          |  |              |
| Especialista (Corpo 590): Fútbol Sala                           | 1                                  | 1           | 1           | 1           | 1           | 1           |          |  |              |
| <b>TOTAL</b>  | <b>490</b>                         | <b>1077</b> | <b>1551</b> | <b>1725</b> | <b>1743</b> | <b>1507</b> |          | <b>834</b>                                       | <b>276</b>   |

## Corpo de profesorado técnico de Formación Profesional

*\* Curso 2018/19. Dos 55 interinos en Servicios á Comunidade hai 18 destinados nos CREDO, polo que na propia especialidade teñen destino 37.*

*Así pois, a especialidade "Prácticas e actividades" tamén se nutre de persoal interino de Servicios á Comunidade, polo que a cifra de 44 persoas pertencentes á primeira non é real.*

| ESPECIALIDADE  | INTERINIDADES ADJUDICADAS SETEMBRO |            |            |            |            |            | OPE 2019 | PRAZAS (INGRESO LIBRE E DISCAPACIDADE) |
|--|------------------------------------|------------|------------|------------|------------|------------|----------|--|
|  | 11-12                              | 14-15      | 15-16      | 16-17      | 17-18      | 18-19      |          |  |
| Taller de vidro e cerámica                                   | 0                                  | 0          | 1          | 1          | 1          | 1          |          |  |
| Prácticas de protésico dental                                | 5                                  | 2          | 2          | 2          | 2          | 1          |          |  |
| Prácticas e actividades                                      | 27                                 | 25         | 22         | 22         | 44         | 44         |          |  |
| Cociña e Pastelería  | 13                                 | 29         | 30         | 18         | 13         | 18         |          |  |
| Equipamentos Electrónicos                                    | 0                                  | 12         | 28         | 35         | 29         | 29         |          |  |
| Estética   | 3                                  | 3          | 8          | 14         | 28         | 17         |          |  |
| Fabricación e Instalación de Carpintería e Moble             | 5                                  | 6          | 8          | 9          | 11         | 13         |          |  |
| Instalación e Mantemento de Equipamentos Térmicos e Flúid    | 10                                 | 19         | 24         | 27         | 28         | 14         |          |  |
| Instalacións Electrotécnicas                                 | 24                                 | 27         | 40         | 25         | 37         | 45         | SI       | 30                                     |
| Laboratorio  | 7                                  | 16         | 17         | 26         | 12         | 15         |          |  |
| Mantemento de Vehículos                                      | 15                                 | 24         | 43         | 37         | 26         | 38         | SI       | 30                                     |
| Máquinas, servizos e produción                               | 2                                  | 6          | 5          | 5          | 6          | 7          |          |  |
| Mecanizado e Mantemento de Máquinas                          | 16                                 | 28         | 33         | 19         | 22         | 27         | SI       | 18                                     |
| Oficina de Proxectos de Construción                          | 1                                  | 0          | 0          | 4          | 7          | 6          |          |  |
| Operacións e equipos de elaboración de produtos alimentarios | 0                                  | 11         | 13         | 15         | 19         | 17         |          |  |
| Operación de procesos  | 1                                  | 2          | 2          | 1          | 2          | 2          |          |  |
| Operacións de produción agraria                              | 9                                  | 9          | 21         | 20         | 24         | 12         |          |  |
| Patronaxe e confección                                       | 8                                  | 11         | 14         | 15         | 18         | 18         |          |  |
| Perrucaría   | 12                                 | 17         | 17         | 24         | 20         | 22         | SI       | 15                                     |
| Procedementos de Diagnóstico Clínico e Ortoprotésico         | 11                                 | 18         | 15         | 16         | 20         | 4          |          |  |
| Procedementos Sanitarios e Asistenciais                      | 17                                 | 34         | 29         | 43         | 47         | 20         |          |  |
| Procesos comerciais  | 0                                  | 8          | 10         | 33         | 35         | 21         |          |  |
| Procesos de Xestión Administrativa                           | 1                                  | 23         | 39         | 58         | 68         | 69         | SI       | 45                                     |
| Produción de artes gráficas                                  | 6                                  | 0          | 10         | 12         | 17         | 18         |          |  |
| Servizos á Comunidade *                                      | 25                                 | 36         | 37         | 22         | 27         | 37/55      |          |  |
| Servicios de restauración                                    | 8                                  | 19         | 26         | 28         | 31         | 15         |          |  |
| Sistemas e Aplicacións Informáticas                          | 14                                 | 26         | 44         | 36         | 26         | 33         |          |  |
| Soldadura  | 5                                  | 8          | 10         | 12         | 15         | 16         |          |  |
| Técnicas e procedementos de imaxe e son                      | 6                                  | 9          | 11         | 18         | 25         | 24         |          |  |
| Linguaxe de Signos   | 6                                  | 8          | 6          | 5          | 5          | 5          |          |  |
| Audio Próteses   | 0                                  | 2          | 2          | 2          | 2          | 2          |          |  |
| Especialista (Corpo 591)                                     | 7                                  | 8          | 9          | 8          | 10         | 8          |          |  |
| Especialista (Corpo 591): Baloncesto                         | 0                                  | 1          | 1          | 1          | 1          | 1          |          |  |
| Mantemento Aeromecánico                                      | 0                                  | 0          | 0          | 0          | 2          | 2          |          |  |
|  | <b>190</b>                         | <b>447</b> | <b>577</b> | <b>613</b> | <b>680</b> | <b>584</b> |          | <b>138</b>                             |

## Corpo de mestras e mestres

| COD    | ESPECIALIDADE           | INTERINIDADES ADJUDICADAS |              |              |              |              |              | OPE 2019 | TOTAL PRAZAS |
|--------|-------------------------|---------------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|----------|--------------|
|        |                         | 11-12                     | 14-15        | 15-16        | 16-17        | 17-18        | 18-19        |          |              |
| 597031 | Educación Infantil      | 78                        | 353          | 212          | 102          | 164          | 155          | SI       | 135          |
| 597032 | I. Estranxeiro: Inglés  | 21                        | 93           | 82           | 67           | 81           | 73           | SI       | 65           |
| 597033 | I. Estranxeiro: Francés | 7                         | 50           | 47           | 43           | 65           | 77           | SI       | 70           |
| 597034 | Educación Física        | 17                        | 92           | 89           | 90           | 89           | 49           | SI       | 40           |
| 597035 | Música                  | 19                        | 92           | 78           | 77           | 69           | 64           | SI       | 55           |
| 597036 | PT (inclúe cod. 60-ESO) | 58                        | 142          | 31           | 173          | 148          | 183          | SI       | 125          |
| 597037 | AL (inclúe cod. 61-ESO) | 74                        | 171          | 166          | 175          | 168          | 149          | SI       | 100          |
| 597038 | Primaria                | 7                         | 125          | 296          | 287          | 320          | 206          | SI       | 180          |
| 597039 | Orientación             | 59                        | 93           | 80           | 107          | 121          | 93           |          |              |
|        |                         | <b>340</b>                | <b>1.211</b> | <b>1.081</b> | <b>1.121</b> | <b>1.225</b> | <b>1.049</b> |          | <b>770</b>   |

## Profesorado e mestras/es de taller de artes plásticas e deseño

| ESPECIALIDADE  | INTERINIDADES ADJUDICADAS |           |           |           |           |           | OPE 2019 |
|--|---------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|----------|
|  | 11-12                     | 14-15     | 15-16     | 16-17     | 17-18     | 18-19     |          |
| Xemoloxía  | 1                         | 1         | 1         | 1         | 1         | 1         |          |
| Conservación e restauración de materiais arqueolóxicos | 1                         | 1         | 1         | 1         | 1         | 1         |          |
| Conservación e restauración de obras escultóricas      | 1                         | 3         | 3         | 3         | 2         | 3         |          |
| Conservación e restauración de obras pictóricas        | 0                         | 2         | 2         |           | 2         | 2         |          |
| Debuxo artístico e cor                                 | 1                         | 0         | 2         | 3         | 2         | 4         |          |
| Debuxo técnico   | 1                         | 1         | 1         | 1         | 0         | 1         |          |
| Deseño interiores                                      | 5                         | 10        | 11        | 13        | 13        | 12        |          |
| Deseño de moda   | 2                         | 3         | 3         | 3         | 4         | 5         |          |
| Deseño de produto                                      |                           |           |           |           | 0         | 2         |          |
| Deseño gráfico   | 4                         | 10        | 10        | 11        | 11        | 11        |          |
| Fotografía   | 1                         | 6         | 2         | 6         | 7         | 7         |          |
| Historia da arte                                       | 2                         | 2         | 2         |           | 3         | 4         |          |
| Xoiería e Ourivaría                                    | 0                         |           |           | 1         | 1         | 2         |          |
| Materiais e tecnoloxía: deseño                         | 0                         | 3         | 3         | 1         | 2         | 2         |          |
| Medios audiovisuais                                    | 2                         | 2         | 2         | 2         | 3         | 3         |          |
| Medios informáticos                                    | 1                         | 3         | 3         | 3         | 2         | 3         |          |
| Organización industrial e lexislación                  |                           |           |           |           | 1         | 1         |          |
| Volume   | 2                         | 3         | 4         | 4         | 5         | 5         |          |
| Historia coa especialidade de arqueoloxía              | 1                         | 1         | 1         | 1         | 1         | 1         |          |
| Taller do moble  | 2                         | 1         | 1         | 1         | 1         | 1         |          |
| Dourado e policromía                                   | 0                         | 1         | 2         | 2         | 2         | 2         |          |
| Fotografía e procesos de reprodución                   | 4                         | 1         | 1         | 1         | 1         | 1         |          |
| Talla en pedra e madeira                               | 1                         | 2         | 2         | 2         | 2         | 2         |          |
| Técnicas de gravado e estampación                      | 1                         | 2         | 2         | 2         | 2         | 2         |          |
| Técnicas de xoiería                                    | 0                         | 0         | 1         | 1         | 1         | 0         |          |
| Técnicas de metal                                      | 1                         | 1         | 1         | 1         | 1         | 1         |          |
|  | <b>34</b>                 | <b>59</b> | <b>61</b> | <b>64</b> | <b>71</b> | <b>79</b> |          |

## Profesorado de Escolas Oficiais de Idiomas

| ESPECIALIDADE | INTERINIDADES ADJUDICADAS |           |           |           |            |            | TOTAL PRAZAS (LIBRE E DISCAPACIDADE) |
|---------------|---------------------------|-----------|-----------|-----------|------------|------------|--------------------------------------|
|               | 11-12                     | 14-15     | 15-16     | 16-17     | 17-18      | 18-19      |                                      |
| Alemán        | 3                         | 7         | 8         | 8         | 12         | 11         |                                      |
| Árabe         | 2                         | 3         | 3         | 3         | 3          | 3          |                                      |
| Chinés        | 5                         | 8         | 9         | 9         | 9          | 19         |                                      |
| Español       |                           |           |           |           | 0          | 1          |                                      |
| Francés       |                           |           |           |           | 17         | 22         |                                      |
| Galego        |                           |           |           |           | 2          | 1          |                                      |
| Inglés        |                           |           |           |           | 57         | 68         | 30                                   |
| Italiano      | 6                         | 7         | 5         | 6         | 8          | 9          |                                      |
| Xaponés       | 5                         | 6         | 7         | 7         | 7          | 8          |                                      |
| Portugués     | 3                         | 3         | 4         | 4         | 6          | 5          |                                      |
| Ruso          | 0                         | 0         | 0         | 0         | 1          | 1          |                                      |
|               | <b>24</b>                 | <b>34</b> | <b>36</b> | <b>37</b> | <b>122</b> | <b>148</b> | <b>30</b>                            |

## Corpo de profesorado de música e de artes escénicas

| ESPECIALIDADE   | INTERINIDADES ADJUDICADAS |            |            |            |            |            | PRAZAS OPE 2019 |
|---|---------------------------|------------|------------|------------|------------|------------|-----------------|
|   | 11-12                     | 14-15      | 15-16      | 16-17      | 17-18      | 18-19      |                 |
| Acordeón  | 3                         | 1          | 1          | 1          | 4          | 4          |                 |
| Arpa  |                           |            |            |            | 1          | 2          |                 |
| Canto   | 5                         | 3          | 5          | 5          | 5          | 5          |                 |
| Clarinete   | 1                         | 1          | 2          | 2          | 5          | 6          |                 |
| Clave   | 2                         | 2          | 2          | 3          | 3          | 3          |                 |
| Contra baixo  | 4                         | 4          | 4          | 4          | 4          | 4          |                 |
| Fagot   | 3                         | 4          | 4          | 4          | 4          | 4          |                 |
| Frauta Travesa  | 1                         | 2          | 3          | 1          | 2          | 2          |                 |
| Frauta de Bico  | 1                         | 1          | 1          | 1          | 2          | 2          |                 |
| Fundamentos da Composición                                | 9                         | 9          | 9          | 8          | 8          | 7          |                 |
| Gaita Galega  | 6                         | 6          | 7          | 7          | 7          | 7          |                 |
| Guitarra  | 3                         | 7          | 7          | 5          | 7          | 7          |                 |
| Historia da Música  | 0                         | 0          | 0          | 0          | 3          | 5          |                 |
| Instrumentos de corda pulsada do renacemento e do barroco | 1                         | 1          | 1          | 2          | 2          | 2          |                 |
| Oboe  | 2                         | 1          | 1          | 1          | 3          | 3          |                 |
| Órgano  | 1                         | 1          | 1          | 1          | 1          | 1          |                 |
| Percusión   | 4                         | 2          | 2          | 2          | 2          | 2          |                 |
| Piano   | 13                        | 14         | 16         | 18         | 25         | 23         | 8               |
| Saxofón   | 3                         | 4          | 4          | 4          | 5          | 4          |                 |
| Trombón   | 5                         | 5          | 5          | 4          | 4          | 4          |                 |
| Trompa  | 2                         | 2          | 3          | 3          | 4          | 4          |                 |
| Trompeta  | 3                         | 2          | 2          | 2          | 3          | 3          |                 |
| Tuba  | 4                         | 3          | 4          | 4          | 4          | 3          |                 |
| Viola   | 1                         | 2          | 2          | 3          | 5          | 6          |                 |
| Viola de Gamba  | 1                         | 1          | 1          | 2          | 2          | 3          |                 |
| Violín  | 3                         | 4          | 2          | 2          | 3          | 5          |                 |
| Violoncello   | 6                         | 5          | 6          | 5          | 5          | 5          |                 |
| Danza española  | 1                         | 1          | 1          | 1          | 1          | 1          |                 |
| Danza clásica   | 9                         | 9          | 9          | 9          | 9          | 10         |                 |
| Danza contemporánea                                       | 4                         | 5          | 5          | 5          | 5          | 5          |                 |
| Canto aplicado á arte dramática                           | 1                         | 1          | 1          | 1          | 1          | 0          |                 |
| Caracterización e indumentaria                            | 0                         | 1          | 1          | 1          | 1          | 1          |                 |
| Danza aplicada á arte dramática                           | 1                         | 1          | 1          | 1          | 1          | 1          |                 |
| Dicción e expresión oral                                  | 3                         | 3          | 3          | 3          | 3          | 3          |                 |
| Dirección escénica  | 4                         | 5          | 5          | 5          | 4          | 4          |                 |
| Dramaturxia   | 2                         | 3          | 3          | 3          | 1          | 2          |                 |
| Espacio escénico  | 2                         | 2          | 3          | 3          | 3          | 2          |                 |
| Expresión corporal  | 4                         | 5          | 4          | 5          | 5          | 4          |                 |
| Iluminación   | 0                         | 1          | 1          | 1          | 1          | 1          |                 |
| Interpretación  | 6                         | 7          | 7          | 7          | 7          | 6          |                 |
| Literatura dramática                                      | 2                         | 2          | 2          | 2          | 2          | 2          |                 |
| Técnicas escénicas  | 0                         | 1          | 1          | 1          | 1          | 1          |                 |
| Técnicas gráficas   | 1                         | 0          | 1          | 1          | 1          | 1          |                 |
| Teoría e historia da arte                                 | 2                         | 1          | 1          | 1          | 1          | 1          |                 |
| Teoría teatral  | 2                         | 4          | 4          | 4          | 4          | 4          |                 |
| Linguaxe musical  | 13                        | 15         | 15         | 15         | 22         | 26         | 8               |
| Jazz-saxofón  | 1                         | 1          | 1          | 1          | 1          | 1          |                 |
| Jazz-trompeta   | 1                         | 1          | 1          | 1          | 1          | 1          |                 |
| Jazz-trombón  | 1                         | 1          | 1          | 1          | 1          | 1          |                 |
| Jazz-batería  | 1                         | 1          | 1          | 1          | 1          | 1          |                 |
| Jazz-piano  | 1                         | 1          | 1          | 1          | 1          | 1          |                 |
| Jazz-contrabaixo  | 2                         | 2          | 2          | 1          | 2          | 2          |                 |
| Jazz-guitarra   | 1                         | 1          | 1          | 1          | 1          | 1          |                 |
| Linguaxe musical - Arte dramático                         | 2                         | 1          | 0          | 1          | 0          | 1          |                 |
|   | <b>151</b>                | <b>162</b> | <b>170</b> | <b>170</b> | <b>204</b> | <b>210</b> | <b>16</b>       |

# Unha Consellaría con alerxia á negociación presentou unha OPE pechada

*A CIG-Ensino presentou propostas do ámbito competencial da Consellaría que suporían unha mellora substancial do desenvolvemento do proceso selectivo. A Xunta demostrou de novo ser remisa a aceptar calquera proposta de mellora.*

Na Mesa Sectorial de Educación celebrada o martes 22 de xaneiro a Consellaría reproduciu unha vez máis os vellos tics de soberbia e prepotencia propios deste goberno. En primeiro lugar non negociou coas organizacións sindicais **os criterios para decidir que especialidades docentes** deben ser obxecto de oferta pública de emprego. Tampouco puxo en común os datos que empregou para determinar o **número de prazas por especialidade**. Desde a CIG-Ensino recriminámoslle que non se coñeza ningún plan estratéxico a varios anos vista, en función da idade do profesorado das diferentes especialidades e das posíbeis xubilacións nin necesidades do sistema educativo. Os seus responsábeis afirman que se tivo en conta o número de persoal interino á hora de establecer o número de prazas da OPE de 2019 mais comprobamos que, con cifras moi similares deste colectivo, hai especialidades que se ofertan e outras que non. En resumo, mantense pechado a cal e canto o búnker no que os actuais responsábeis políticos converteron esta Consellaría, refractaria á negociación colectiva.

O procedemento é o mesmo ao de anos anteriores: primeiro lánzanse sen previa negociación nin contraste sindical as especialidades nas que se ofertarán prazas

e despois déixase para a Mesa Sectorial o xogo dos números. A única novidade ao respecto do previamente filtrado está na oferta de **4 prazas de Portugués para Secundaria**, en cumprimento dunha resolución aprobada por unanimidade no Parlamento de Galiza e que a CIG-Ensino trasladara en numerosas ocasións, sendo a máis recente a entrevista coa nova conselleira. Esta convocatoria de prazas libres, aínda sendo escasa, abre as portas a que tamén haxa oposicións para o cambio de especialidade e que funcionariado que está a impartir agora mesmo portugués ou ten intención de facelo poida adquirir esta especialidade.

## **Inflando de novo as cifras**

Nas oposicións do 2018 a Consellaría xogou, con algunha notoria complicidade, a falar de **“convocatoria histórica”** ao ofertar 2.050 prazas. Naquel momento a CIG-Ensino desmontou **a falacia** dese carácter “histórico” con datos contundentes sobre o que a oferta de cambio de corpo de A2 a A1 supuxera en anteriores convocatorias, demostrando que non existía nin tan sequera demanda por parte do profesorado. Nesta OPE a administración volve incidir no mesmo xogo para poder vender unha oferta superior á de 2018. A CIG-Ensino sempre defendeu que **se debe potenciar a**

**carreira profesional mediante a promoción interna** mais non estamos dispostos a que se tome ao profesorado, aos futuros aspirantes aos corpos docentes e á opinión pública en xeral como parvos. A oferta real deste ano, como a do ano pasado, debe analizarse tendo en conta as cifras de acceso libre. Non falamos, por tanto, de 2.064 prazas reais senón de **1.788** prazas de acceso libre.

A CIG-Ensino ten claro que este non é o noso modelo de acceso á función pública docente e así o dixo no recente debate no Consello Escolar do Estado sobre a reforma da LOE, no que presentou unha emenda para introducir con **carácter excepcional o acceso diferenciado** e que foi claramente rexeitada ao tempo que o Goberno central xa anunciou que non ten pensado introducir a curto prazo ningunha modificación no sistema de acceso. Somos conscientes, así mesmo, de cal é a escasa marxe de manobra coa que conta a Mesa Sectorial e a propia Consellaría nun proceso dirixido desde Madrid. Por iso, máis alá desa posición estratéxica de defensa desta dobre vía, presentamos propostas asumíbeis e que poden mellorar o desenvolvemento do proceso selectivo no noso país.





### Contra a precariedade e a limitación nos cadros de persoal

A oferta de prazas presentada pola Consellaría parte do **límite imposto polo acordo sindical estatal**, polo que se poden ofertar prazas nas oposicións sempre que non se superen os cadros de persoal existentes no ano 2017, aceptando submisamente os efectos dos recortes desde o ano 2010. Tal é así que **os orzamentos do 2019 recollen un recorte de profesorado**, cun total de **29.987 docentes fronte a 30.098** dos dous últimos anos. Polo tanto, esta OPE non vai servir para aumentar profesorado, que é unha das principais demandas do propio persoal docente e da CIG-Ensino.

O resultado das últimas oposicións foi claro. A **inestabilidade laboral** segue a ser un problema básico. A **porcentaxe de persoal interino**, partindo dos propios datos oficiais, tería pasado **do 12,72% do 2017 ao 11,09% actual**. Na Mesa a Consellaría argumentou que se sitúan no **9,38%** porque exclúen do computo de prazas

estruturais determinados postos de traballo. Estas cifras están aínda lonxe das que tiñamos **antes da chegada do PP á Xunta**, que **non superaban o 5%**. Mais camiñar na senda da redución da interinidade sen ter en conta o factor humano só pode conducir a que haxa profesorado interino que perda o seu posto de traballo. Un **estudo realizado pola CIG-Ensino** a partir dos datos públicos de todos os tribunais de 2018 tira unhas conclusións rotundas:

- O **36% das persoas que aprobaron as oposicións** nunca traballaran para a Consellaría de Educación.
- **Dous terzos das persoas aprobadas** teñen un máximo de 2 anos como persoal interino.
- A **porcentaxe de docentes interinos con máis de 5 anos de experiencia** que aprobaron as oposicións é do **18%**.
- No caso daquelas **persoas cunha longa experiencia** (superior a 10 anos) a porcentaxe de aprobados **limitase ao 5%** (79 persoas en total en todos os corpos).

É obvio que **a inexistencia dun acordo de estabilidade** para o persoal interino en risco de perder o seu posto de traballo, xunto coa **necesaria oferta de oposicións polas elevadas cifras de xubilacións** e un **sistema que obvia a fase de concurso** e provoca a competencia entre as persoas con méritos na docencia con aquelas outras que non teñen experiencia previa é un escenario que pode provocar nos próximos anos que se incrementen os despedidos do persoal interino.

No comezo deste curso escolar xa denunciámos que **ao redor de 400 persoas** que tiveron o ano pasado contrato durante todo o curso escolar pasaron a facer substitucións.

Está na man da Consellaría atallar este problema. Primeiro partindo da realidade do persoal interino actual á hora de facer a proposta de prazas e segundo, abrindo unha **negociación de estabilidade** que dea saída a persoas de longa experiencia laboral ou avanzada idade.

## Queremos un verdadeiro concurso oposición

A nosa demanda de mellorar a realización das probas está de novo fundamentada no rigor e na realidade. Mestres que no corpo de mestres pode dicirse que si existiu no 2018 un mínimo respecto polo carácter de concurso oposición fixado na normativa, a situación nos corpos de secundaria é totalmente diferente. Fronte ás especialidades de Inglés e Organización e Xestión Comercial, nas que si houbo proceso de concurso oposición, salientan moitas nas que só superou a fase de oposición o mesmo número de persoas ou incluso menos que prazas había convocadas.

É preciso garantir un verdadeiro concurso oposición e para iso cómpren **melloras nas condicións de traballo dos tribunais**. Hai que reducir o número de aspirantes por tribunal e hai que eximilos do traballo da baremación da fase de concurso, traballo que debe asignárselle a unha comisión técnica. O tribunal debe contar con máis tempo do que ten

actualmente e debe centrarse na fase de oposición. Hai que evitar que se vexa condicionado a limitar o número de persoas aprobadas na 1ª proba para poder cumprir os prazos fixados pola Consellaría. Insistimos tamén na volta ao **anonimato desa 1ª proba**, con etiquetaxe como identificación e sen lectura das partes da proba.

## Demandamos oferta de cambio de corpo en Galego e Francés nas EOI's

Da mesma maneira que se ofertaron o ano pasado prazas de acceso de A1 a A1 na especialidade de Inglés e este ano se convocan de ingreso, demandamos que se faga o propio este ano nas outras dúas especialidades que actualmente tamén imparten docentes do corpo de PES (**Galego e Francés**). No caso de Galego hai actualmente **10 docentes** do corpo de PES impartindo docencia nas EOI e no caso do Francés a cifra elévase a **24**. A nula vontade negociadora da Consellaría quedou claramente ao descuberto cando non foi nin sequera capaz de ter un mínimo de cintura con esta proposta e

valorala antes de tomar unha decisión. É obvio que a decisión xa a tiñan tomada: nada de negociar.

## Puntuación dos servizos prestados por vacacións non gozadas.

Sabemos que neste momento hai persoal interino e funcionariado de carreira ao que non lle chegou ningún tipo de notificación co recoñecemento deses días. É inxustificábel esa demora. Queremos un compromiso de que se vai facer efectivo canto antes, tanto para quen terá que participar nas oposicións como para o resto do profesorado.

A Consellaría informou que teñen previsto que **a partir do 1 de marzo todos os novos contratos** leven xa incorporado (a efectos internos de xestión informática dos contratos) **o tempo de vacacións non gozadas**, polo que contan que todo o profesorado en activo que participe nas oposicións o terá xa recoñecido.

## Novidades na convocatoria

**1.- Titulacións para inclusión en listas de interinidades e substitucións.** A Consellaría vai publicar unha orde na que se relacionarán as titulacións que permiten a incorporación ás listas de interinidades e substitucións (o que até agora se incorporaba nun Anexo da propia convocatoria). Na Mesa indicou que someterán a exposición pública o borrador mais que non tiñan pensado traela á Mesa porque así llo permite o acordo de persoal interino,

que deixa nas mans da Consellaría esta decisión. A CIG-Ensino demandou que pasase pola Mesa e a Consellaría quedou en revisar a súa decisión.

**2.- Mención en Educación Primaria obtida nunha universidade diferente da que cursou o grao.** Deben presentar certificación de ter superado todas as materias para a inclusión en listas. Desde a CIG-Ensino solicitamos que se aclare que a superación inclúe a convalidación das xa cursadas.

## 3.- Bioloxía e Xeoloxía.

Logo dos problemas da convocatoria do ano 2018 a Consellaría volve a fixar que habrá unha única opción de proba práctica no "visu".

**4.- Curso de formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero.** Aínda que xa o fixo neste curso como actividade de formación da fase de prácticas, este ano figura na convocatoria. Tanto neste tema como na cuestión lingüística a Consellaría debe ter unha maior implicación.

# Propostas da CIG sobre o proceso selectivo

| Tema   | Proposta da CIG-Ensino  | Resposta da Consellaría  |
|--|---|--|
| Número de aspirantes por tribunal  | Hai que reducir o número de aspirantes por tribunal, para garantir que haxa tempo abondo para examinar a todas as persoas que poden superar as diferentes partes das probas da oposición. A cifra debe aparecer na convocatoria. O número estaría en función das competencias que se lle asignen aos tribunais e ao propio desenvolvemento das probas. Un tribunal que non teña que baremar nin escoitar a lectura dos exames                               | Non están de acordo. Din que efectivamente poderían facelo mais consideran que non implicaría ningunha mellora.  |
| Anonimato na primeira parte da oposición (partes A e B)  | Solicitamos un cambio radical no desenvolvemento das probas, garantindo o anonimato por completo nas dúas partes da 1ª proba (práctico e temas). O sistema de sobres con etiquetado, como xa foi usado en convocatorias anteriores, garante ese anonimato.  | Non o aceptan.   |
| Baremación de méritos<br>Base 11.3.2.<br>11.3.3  | A baremación dos méritos debe ser feita por unha comisión técnica, liberando desa carga burocrática ao tribunal. A documentación dos méritos debe facerse inicialmente e para todos os opositores. Non se debe facer pública até que remate a fase de oposición.  | Afirman que a nosa proposta é claramente legal (ao contrario do que afirmaron nun principio) mais que non o van aceptar.   |
| Cobertura de todas as prazas ofertadas   | Hai que garantir que se cubran todas as prazas ofertadas. Se os tribunais contan con tempo suficiente debe erradicarse o comportamento habitual de poñer notas de corte para reducir o número de aprobados na 1ª parte da 1ª proba e desta no seu conxunto.   | Non se pronuncian e seguen escusándose na soberanía dos tribunais.   |
| Elección das presidencias dos tribunais a sorteo<br>Base 7.3.                                  | Todos os membros dos tribunais deben ser elixidos a sorteo, evitando o nomeamento directo das presidencias. A inspección non debe formar parte dos tribunais que non son do seu corpo. No corpo de profesorado de Música e Artes Escénicas non aparece o profesorado do Corpo de Cátedras como posibles membros dos tribunais. Queremos saber se é intencionado ou é un erro.   | Non aceptan perder a prerrogativa no nomeamento das presidencias.<br>En canto ao profesorado de música e artes escénicas irán, para esta oposición, como profesoras, e nun futuro pasarán a ir no de catedráticas. |
| Criterios de avaliación.<br>Base 7.10.<br>(funcións dos tribunais)                             | Os criterios de avaliación deben ser claros, públicos e idénticos para todos o tribunais da mesma especialidade. A publicidade e condicións destes criterios deben vir fixadas na convocatoria para que non quede da man de cada tribunal. Deben coñecerse con moita antelación. Debe ser unha das primeiras decisións que adopten e fagan públicas os tribunais.   | Afirman que xa se traslada na reunión da Consellaría coas presidencias dos tribunais.  |
| Segunda proba (programación e UD)  | A utilización de material auxiliar ten que ser o máis concreta posíbel para evitar agravios comparativos. A redacción é ambigua: poderase utilizar material “sempre que o autorice o tribunal”. Esa autorización debe preceder o inicio das probas e publicarse na web con suficiente antelación.   | Non se pronuncian  |
| Realización das partes da 1ª proba<br>Primaria: Base 13.2.<br>Secundaria: Base 12.2.<br>12.3.1 | Somos partidarios da maior concreción posíbel. Entendemos que as normas deberían ser igual para todos os corpos, indicando se as partes da 1ª proba se farán ou non no mesmo día. Se non se indica na convocatoria debe coñecerse con suficiente antelación. Todos os tribunais da mesma especialidade deben adoptar a mesma decisión.<br>A indicación do material que se pode ou debe empregar na proba práctica debe coñecerse coa suficiente antelación. | Non van modificar a diferenza entre primaria e secundaria.   |
| Notas de cada unha das partes das probas.<br>Base 12 e 13                                      | As notas de cada unha das partes das probas deben ser públicas no propio día da corrección ou defensa da proba.   | Non están de acordo. Manterán o texto actual.  |

| Tema  | Proposta da CIG-Ensino   | Resposta da Consellaría  |
|---|--|--|
| <b>Probas prácticas</b><br><b>Base 12</b><br><b>Anexo V</b>   | <p>Consideramos que as probas deberían ser as mesmas en todos os tribunais da mesma especialidade. Debe figurar na convocatoria.</p> <p>A Consellaría ten que velar porque non existan diferenzas entre o que figura no Anexo V e o que finalmente decide o tribunal. Non sería a primeira vez que se indica, por exemplo, que haberá que facer “dous exercicios de entre cinco propostos” e despois nos atopamos con que se presentan dúas opcións con catro exercicios cada unha. Isto pasou en Informática no 2016.</p> <p>As probas prácticas deben ser o máis concretas posíbeis e axustadas á realidade do que se imparte nos centros galegos e nas propias especialidades.</p> <p>No caso de FOL chama a atención a falta de concreción. En convocatorias anteriores a proba consistía nun suposto práctico extenso e no 2016 modificouse por cuestións curtas. Solicitamos que modifique no Anexo para concretalo. En todas debe figurar o tempo máximo, incluída o práctico (parte A da 1ª proba)</p> <p>Non debe haber ningún práctico fóra do recollido nos temarios. En Procesos de Xestión Administrativa inclúese no Anexo V unha referencia á contabilidade xeral dentro dos temas que poden incluírse na proba práctica. Non existe nos temarios desta especialidade ningún tema de contabilidade polo que debe ser eliminada das especificacións.</p> | <b>Toman nota das cuestións que lle trasladamos e revisaranas.</b> |
| <b>Reclamacións.</b><br><b>Funcións dos tribunais.</b><br><b>Base 7.10.</b><br><b>Puntuación provisional da fase de concurso e prazo de reclamacións.</b><br><b>Base 11.3.2</b> | <p>Hai que aumentar as garantías das persoas opositoras. No caso de reclamacións, debe existir sempre resposta. Non abonda con escudarse nos recursos de alzada perante a Dirección Xeral. Hai que garantir a máxima transparencia nunhas oposicións. Todo pasa evidentemente por unha redución considerábel da ratio de opositoras e da redución da carga burocrática.</p>  | <b>Non o aceptan.</b>  |
| <b>Matrícula de persoas paradas.</b><br><b>Base 3.8.</b>  | <p>Solicitamos que sexa gratuíta.</p>  | <b>Non é competencia desta Mesa.</b>                               |
| <b>Competencia en lingua galega</b>   | <p>Solicitamos a realización dunha proba en galego, co obxectivo de demostrar a aptitude e a competencia para impartir docencia na nosa lingua.</p>  | <b>Non pensan potenciar o noso idioma.</b>                         |

## Cuestións a ter en conta no borrador da Orde

- Todos os trámites na inscrición das oposicións serán por vía electrónica, mesmo a presentación de documentación complementaria, como xa aconteceu os últimos dous anos.
- O acto de presentación está previsto para o **sábado, 22 de xuño**, segundo se extrae do borrador da Orde.
- A asignación de aspirantes por tribunal e os chamamentos para as sucesivas probas iniciaránse polo aspirante cuxo primeiro apelido empece pola **letra Q**.
- As persoas con discapacidade intervirán entre as de adquisición de nova especialidade e os restantes aspirantes.
- Todos os prazos fixaranse en días hábiles aínda que non se especifique no texto (non contan sábados nin domingos).
- Para manter o posto consolidado nas listas das especialidades que se convocan é preciso presentarse ao proceso selectivo e realizar obrigatoriamente as dúas partes da primeira proba e proceder á súa lectura.

# Propostas da CIG sobre outros aspectos da convocatoria

| Tema  | Proposta da CIG-Ensino  | Resposta da Consellaría  |
|---|---|--|
| Base 2.3.1 e Anexo VII. Titulación para presentarse a Administración de Empresas  | Tal e como permite o RD 276/2007 e como de feito se recolleu na convocatoria de ADE no 2014 debe aparecer a diplomatura en Ciencias Empresarias ou en Xestión e Administración Pública. Hai que modificar a base 2.3.1 e o Anexo VII.   | Revisarán a ausencia destas titulacións.   |
| Presentación vía electrónica.<br>Base 3.1.<br>Notificacións.<br>Base 5.<br>Recursos de alzada contra:<br>- a lista definitiva.<br>Base 6. 4.<br>- as puntuacións definitivas na fase de concurso. Base 11.3.4.<br>- a orde de relación de aspirantes aprobados. Base 17.4 | Como dixemos o ano pasado, estamos en desacordo coa obriga de facelo exclusivamente por estas vías. A Consellaría xoga coa dualidade presencial-a distancia como lle parece en función das convocatorias. O ano pasado houbo numerosos problemas. Apoiamos un sistema de libre elección.<br>Este tipo de procesos de entrega dixital supoñen na práctica unha perda importante de emprego de persoal administrativo xa que o traballo de rexistro documental (escaneo, etc..) que poderían facer empregados públicos agora o facemos os cidadáns. É un proceso de privatización de servizos pola vía de que sexan as persoas usuarias quen fagamos o traballo.<br>Debe recollese unha salvagarda para as aspirantes da mesma maneira que o fai a propia Consellaría consigo mesma.<br>Na base 5.5. afírmase que se non é posíbel a notificación electrónica se practicarán polos medios previstos no procedemento administrativo común (registros, Correos). Isto debe ser así tamén para os opositores.<br><br>En todo caso, temos dúbidas da obriga que se indica para que o recurso de alzada se teña que presentar exclusivamente por medios electrónicos. De feito o recurso de alzada contra as puntuacións definitivas non se indica que sexa por sede electrónica. (base 11.3.4) ao igual que se fai no caso do recurso contra a lista de aprobadas. (17.4) | Reafírmase nas súas contradicións e indican que o paso á presentación exclusiva por vía telemática é só cuestión de tempo. |
| Base 3.2.1  | Solicitamos unha aclaración ao respecto das mencións de Educación Primaria que se obteñan noutras universidades diferente á que se cursou o grao. Cando se fala de certificación de ter superado todas as materias estase poñendo en cuestión a convalidación de materias previamente cursadas no Grao?   | Confirman que non é preciso superar as que xa están convalidadas. Mellorarán a redacción.                                  |
| Autorización de suplencia dos tribunais<br>Base 7.6.4.  | Equipos directivos. Propomos que se autorice a suplencia a algún membro dun equipo directivo se 2 ou máis membros deste teñen que formar parte de tribunais. Hai que garantir que cando menos 2 membros do equipo directivo estean no centro.<br>Conciliación. Ampliar esta autorización para o profesorado que teñan un fillo ou filla menor de tres anos así como quen teña familiares dependentes de primeiro grao ao seu cargo ou familiar incapacitado xudicialmente para o que teña sido nomeado tutor legal.<br>Chamamos a atención sobre a situación que se pode producir este ano coa coincidencia en datas da segunda convocatoria da ABAU (4 días, do 9 ao 12 de xullo). A Consellaría debe valorar que facer nestes casos. Se non se opta pola exención está claro que deben ter permiso para ausentarse do tribunal neses días. Hai que ter en conta que este profesorado xa se decide bastante antes do sorteo dos tribunais.   | Revisarán a nosa proposta mais afirman que a Consellaría non é partidaria de ampliar as causas de suplencia.               |

| Tema   | Proposta da CIG-Ensino  | Resposta da Consellaría  |
|--|---|--|
| <b>Citación das aspirantes</b><br>Base 10.3.3              | Recóllese que será como mínimo con 24 horas de antelación. Propoñemos que o mínimo sexa 48 horas.   | Non o consideran necesario e entenden que xera máis problemas para os tribunais.   |
| <b>Programación nas especialidades de FP.</b><br>Base 12.4 | A convocatoria indica que debe facerse segundo o anexo XIII da orde que regula a avaliación da FP. Sabemos de discrepancias en convocatorias anteriores xa que houbo tribunais que obrigaron a presentar a programación coas táboas que aparecen no anexo mentres noutros casos se permitiu que, con formato libre, se presentase (respectando os diferentes apartados). As directrices teñen que ser claras, ben na propia orde ou nas indicacións que dean os tribunais con suficiente antelación.<br>Por outro lado neste curso a Consellaría incorporou un novo modelo actualizado e diferente do que figura no Anexo XIII. Debe aclararse se este vai ser válido ou non. | Revisarán o tema. Consideran que o que deben respectarse son os contidos e non os formatos.  |
| <b>Petición de destino provisional</b><br>Base 19.1.       | O prazo de dous días hábiles segue a parecernos excesivamente curto para o persoal que nunca traballou para a Consellaría, especialmente se coinciden no medio da semana. Propomos que se fixen 3 días hábiles.   | Afirman que isto supón un problema para a Consellaría e que non implica ningún problema para os e as aprobadas.  |
| <b>Fase de prácticas</b><br>Base 20                        | Debe realizarse na especialidade pola que se aprobou. O profesorado titor tamén debe ser, de ser posíbel, do propio centro e da mesma especialidade.  | Non cambiarán o da especialidade porque din que causa problemas no corpo de mestres e non poden asegurar que a persoa titora sexa da mesma especialidade xa que nalgúns centros pode non existir o funcionamento de carreira da especialidade dunha persoa en prácticas. |

| Tema                                       | Propostas da CIG-Ensino ao baremo   | Resposta da Consellaría  |
|--|---|--|
| <b>Puntuación de máis dunha titulación</b> | Mentres que para algunhas titulacións aparece claramente indicado que se puntuará “cada unha” (idiomas, diplomaturas, réxime especial) noutros casos non se especifica: máster, doutoramento, premio extraordinario). Incluso no caso dos segundos ciclos non aparece nada claro (pode interpretarse que é así no cadro das observacións: “así como de cantos presente como mérito”). Solicitamos homoxeneidade e que en todos os casos, co límite de cada apartado, se puntuén todas as titulacións. | Din que non poden modificar o apartado 2 por ser normativa básica.<br>Non o consideran necesario e entenden que xera máis problemas para os tribunais. |
| <b>Mestrado de secundaria</b>              | Creemos que non ten sentido que este Mestrado non se puntué nos casos nos que non é requisito para presentarse ás oposicións. Tal e como está actualmente o baremo pode puntuarse un máster que non teña ningunha relación coa docencia e non puntuarse este.   | Non o aceptan.   |
| <b>Puntuación EOI-PES</b>                  | Defendemos que se puntué como servizos prestados no corpo do que sexa a listaxe de pertenza. Así, o profesorado de inglés, francés ou galego (PES) que impartiu docencia en EOI debe ter puntuación como PES, xa que pertence a esa lista e mesmo nas substitucións ten obriga de coller esas vacantes.   | Manteñen a súa negativa.   |
| <b>Anexo III. Cambio de A1-A2</b>          | Non estamos de acordo coa puntuación do traballo como xefe de servizo ou cargo similar na administración (1.2.d) nin coa puntuación na inspección (1.2.a). A puntuación da dirección non debe ser superior á valoración do resto das funcións docentes (titoría, departamento)  | Manterán o baremo presentado.  |

# Temarios

Os temarios polos que se rexerán as probas teóricas do proceso selectivo volverán ser, un ano máis, os aprobados hai 25 anos, tal e como lle informou o Ministerio de Educación e Formación Profesional á CIG-Ensino cando se interesou por esta cuestión nunha recente reunión para tratar a reforma da LOE/LOMCE. Segundo os responsábeis ministeriais até que se negocie un novo sistema de acceso á función pública docente "non ten sentido facer cambios nas distintas partes do proceso" dado que esta reforma pretende ser de maior calado. Así pois, os borradores dos novos temarios aprobados polo anterior goberno do PP permanecerán no caixón á espera de se son recuperados por este goberno nesa hipotética futura regulación de acceso e mantéñense vixentes para as distintas especialidades os seguintes:

- **Corpo de profesores de ensino secundario:** Nas especialidades de Filosofía, Lingua castelá e Literatura, Xeografía e Historia, Matemáticas, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía, Inglés, Francés, Portugués, Educación Física e Tecnoloxía: Anexo III da Orde do 9 de setembro de 1993, do Ministerio de Educación (BOE do 21 de setembro). Nas especialidades de Economía, Administración de Empresas, Formación e Orientación Laboral, Informática, Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos, Organización e Proxectos de Fabricación Mecánica, Procesos na Industria Alimentaria e Sistemas Electrónicos. Anexo I da Orde do 1 de febreiro de 1996 (BOE do 13 de febreiro de 1996). Na especialidade de Lingua Galega e Literatura: Orde do 1 de marzo de 1995 (DOG do 21 de marzo de 1995).
- **Profesores técnicos de formación profesional:** Anexo II da Orde do 1 de febreiro de 1996 (BOE do 13 de febreiro de 1996)
- **Mestres:** Anexo I da Orde do 9 de setembro de 1993, do Ministerio de Educación (BOE do 21 de setembro), Para a especialidade de Educación Primaria: Orden ECI/592/2007, do 12 de marzo (BOE 15 de marzo de 2007)
- **Profesores de Escolas Oficiais de Idiomas:** Orde de 9 de setembro de 1993. (BOE 21/09/1993)

## Resumo do proceso selectivo

| APARTADOS E PUNTUACIÓN DO BAREMO  |   |              |
|-----------------------------------|---|--------------|
| Puntuación máxima do concurso     | 10 puntos   |              |
| Experiencia docente (máx. 7 ptos) | Por cada ano de experiencia en especialidades do corpo ao que se opta en centros públicos             | 0,700 puntos |
|                                   | Por cada ano de experiencia en especialidades de diferentes corpos ao que se opta en centros públicos | 0,350 puntos |
|                                   | Por cada ano de experiencia en especialidades do mesmo nivel educativo noutros centros                | 0,150 puntos |
|                                   | Por cada ano de experiencia en especialidades de diferentes niveis educativos noutros centros         | 0,100 puntos |
| Formación académica               | 5 puntos  |              |
| Outros méritos                    | 2 puntos  |              |

| ELECCIÓN DE TEMAS NA PROBA TEÓRICA     |                             |
|--|-----------------------------|
| Especialidades con 25 temas ou menos   | Elección entre tres temas   |
| Especialidades con entre 26 e 50 temas | Elección entre catro temas* |
| Especialidades con máis de 50 temas    | Elección entre cinco temas  |

\* Tamén para as especialidades do corpo de profesorado de música (Linguaxe musical e Piano)

| PONDERACIÓN CONCURSO-OPOSICIÓN |     |
|--------------------------------|-----|
| Fase de oposición              | 60% |
| Fase de concurso               | 40% |

# OS NOSOS LOCALS

# Mulleres en FOLGA

## OS NOSOS LOCALS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
[santiago@cig-ensino.gal](mailto:santiago@cig-ensino.gal)

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
[acorunha@cig-ensino.gal](mailto:acorunha@cig-ensino.gal)

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
[baixomiño@cig-ensino.gal](mailto:baixomiño@cig-ensino.gal)

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
[morrazo@cig-ensino.gal](mailto:morrazo@cig-ensino.gal)

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
[ferrol@cig-ensino.gal](mailto:ferrol@cig-ensino.gal)

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, Baixo  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
[lugo@cig-ensino.gal](mailto:lugo@cig-ensino.gal)

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
[ourense@cig-ensino.gal](mailto:ourense@cig-ensino.gal)

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
[pontevedra@cig-ensino.gal](mailto:pontevedra@cig-ensino.gal)

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
[amarinha@cig-ensino.gal](mailto:amarinha@cig-ensino.gal)

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
[verin@cig-ensino.gal](mailto:verin@cig-ensino.gal)

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
[vigo@cig-ensino.gal](mailto:vigo@cig-ensino.gal)

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
[salnes@cig-ensino.gal](mailto:salnes@cig-ensino.gal)